

# OLLOS

## ANIMAIS EXTRAORDINARIOS

Texto de XULIO GUTIÉRREZ

Ilustracións de NICOLÁS FERNÁNDEZ

Encadernado en cartón. 24 x 34 cm. 32 pág. 16 €.

**Ollos** (galego)

ISBN 978-84-15250-98-2. Faktoría K de Libros. Ciencia.

**Ojos** (castelán)

ISBN 978-84-15250-97-5. Faktoría K de Libros. Ciencia.

**Olhos** (portugués)


ISBN 978-989-99583-0-2. Faktoría K de Livros. Ciências.

*A maioría dos animais ven dunha forma moi diferente á humana. Uns aprecian cores que nós non podemos distinguir. Por exemplo, as abellas ven vistosos debuxos de cor ultravioleta en flores que nos parecen brancas. Outros ven con máis nitidez, teñen un maior campo visual ou contan cunha visión nocturna tan sensible que lles permite cazar en condicións nas que as persoas non veríamos nada...*

“Ollos” reúne unha ducia de *animais extraordinarios* de todo o mundo e permite comparar a súa visión co sentido da vista dos humanos. Millóns de anos de evolución levaron a que os ollos das distintas especies se adaptaran a todo tipo de ecosistemas: ollos que permiten ver mellor de día, ou de noite, captar movementos imperceptibles, recoñecer perigos, capturar presas ou apreciar cores que as persoas non poden nin imaxinar... En resume, sobrevivir.

Coa ‘Árbore da vida’ como referencia inicial, esta obra científica sitúa os lectores ante un esquema dos principais grupos do Reino Animal, para centrarse logo nos protagonistas da selección faunística: localización no mundo, hábitat, habilidades físicas e peculiaridades visuais. Por último, incorpora fichas técnicas con curiosidades e o seu nivel de conservación no planeta.

Despois de “Bocas”, “Nacer” (Selección Los + 2009 - Fundación Germán Sánchez Ruipérez), “Construtores” (Premio Ánxel Casal de Non-Ficción 2010 e Selección Los + 2010) e “Ocultos”, este quinto título da colección *Animais Extraordinarios* segue sorprendendo non só pola información asequible e interesante que ofrece, senón tamén polas súas espectaculares ilustracións naturalistas. A serie continuará con “Viaxeiros”, sobre as migracións máis longas e arriscadas, por terra, mar e aire.



■ **Temática:** libro de animais e natureza.

■ **Idade recomendada:** a partir de 7 anos.

■ **Aspectos destacables:** da colección *Animais Extraordinarios*, xunto con “Bocas”, “Nacer”, “Construtores” e “Ocultos”; ilustracións de gran realismo; textos asequibles para todas as idades; descrición de cada animal, información da súa vida, hábitat e estado de conservación; inclúe anexo final con fichas de cada un e glosario; lista de especies: xibón, león, cebra común, falcón peregrino, curuxa, peixe de catro ollos, tiburón branco, camarón mantis, libélula, araña saltadora, lura xigante, caracol común.

### Xulio Gutiérrez

(Vigo, 1958)

Licenciado en Bioloxía pola Universidade de Santiago, é profesor do IES da Pobra do Caramiñal. Vencellado a movementos de renovación pedagóxica, é membro da Sociedade Galega de Educación Ambiental, Ensinantes de Ciencias de Galicia (ENCIGA) e Nova Escola Galega. É autor de máis dunha vintena de libros sobre natureza e numerosos artigos en revistas especializadas.

<https://xuliogutierrez.wordpress.com>

### Nicolás Fernández

(Madrid, 1965)

Ilustrador autodidacta afincado na Coruña. A maioría das súas obras son acuarelas e bosquejos de fauna e flora, especialmente aves. Publicou tres títulos como autor e traballou como ilustrador para organismos oficiais, xornais, enciclopedias, libros e revistas. A súa obra expúxose en salas de toda España. Compaxina a súa faceta como ilustrador co deseño gráfico e multimedia nunha empresa de xestión ambiental. [www.ilustracionesnaturaleza.com](http://www.ilustracionesnaturaleza.com)

www.FAKTORÍA  DE LIBROS.com

[comunicacion@faktorikdelibros.com](mailto:comunicacion@faktorikdelibros.com)